

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A ORGANIZACIÓN DE ESTADOS IBEROAMERICANOS PARA A EDUCACIÓN, A CIENCIA E A CULTURA (EOI).

Ao abeiro do establecido no punto cuarto, f) da resolución da Consellería de Economía e Facenda do 08 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, expoño os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos que se pretenden co convenio de colaboración entre la Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Organización de Estados Iberoamericanos para a Educación, a Ciencia e a Cultura para desenvolver actuacións conxuntas destinadas a sociedade en xeral e a comunidade educativa en particular.

Antecedentes

A organización de Estados Iberoamericanos para a Educación, a Ciencia e a Cultura e o primeiro organismo intergubernamental de cooperación do espazo iberoamericano que dende 1949 traballa fomentando a cooperación nos seus tres campos de actuación: a educación, a ciencia e a cultura.

Entre Galicia e os estados Iberoamericanos existe un forte vinculo histórico e xeracional. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades é coñecedora do valor das oportunidades e das novas sinerxías que se poden crear fomentando e favorecendo os lazos de Galicia con os estados iberoamericanos.

Razóns de oportunidade

A oportunidade da sinatura deste convenio vén determinada polo interese que teñen as dúas entidades asinantes en crear programas de accións para incentivar e impulsar a cultura iberoamericana, a internacionalización da educación, a gobernanza e o liderado educativo, e a transformación dixital nos sistemas educativos.

Obxectivos

O obxectivo deste convenio é establecer un Plan de Traballo correspondente ao exercicio do ano 2024 que inclúe as seguintes actividades:

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA
Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 2; Andar 2º
15781 Santiago de Compostela
981 546 503
dxoie@xunta.gal



- Seminario Galicia- Portugal sobre gobernanza e liderado educativos.
- Seminario iberoamericano sobre transformación dixital e intelixencia artificial.
- Foro de alto nivel sobre avaliación educativa (PISA).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

